



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 1061/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20 DE AGOSTO DE 2021.

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: acta da sesión extraordinaria e urxente do 9 de agosto e ordinaria do 12 de agosto de 2021.

CONTRATACIÓN

- 2.- Proposta de adxudicación da contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo. Expte. 6359/213.
- 3.- Proposta de adxudicación da contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa das Fontás". Expte. 707/441.

DEPORTES

- 4.- Incremento ordinario de tarifas (IPC), solicitado por AQUA-VIGO Xestión Deportiva SAU, en relación co contrato de xestión do servizo público para a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B. Expte. 20688/333.

DIRECCIÓN DE INGRESOS

- 5.- Dar conta da Resolución de data 13/08/2021 do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda pola que se aproba o Padrón do imposto sobre actividades económicas do ano 2021 . Expte. 210/504.
- 6.- Dar conta da Resolución de data 13/08/2021 do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda pola que se aproba o Padrón do Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, bens de características especiais e bens de natureza rústica do ano 2021. Expte. 46531/512.
- 7.- Substitución do convenio asinado o 20/12/2021 coa Dirección Xeral do Catastro por novo convenio. Expte. 2816/500.

EMPREGO

- 8.- Requirimento de anulación ou revogación con carácter previo á interposición de recurso contencioso-administrativo contra a Orde 7 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2021. Expte. 18548/77.
- 9.- Proxecto de convenio coa “Unión Comarcal de U.G.T. Vigo” no marco do fomento do emprego para desenvolvemento do Programa ACTIVIGO-Asesoramento persoas afectadas por ERTE e persoas desempregadas. Expte. 18206/77.
- 10.- Proposta de aprobación do proxecto “Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo 2021-2022” e solicitude de subvención á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia. Expte. 18491/77.

FESTAS

- 11.- Rectificación de erro material no acordo de XGL do 29/07/21 “Subvención nominativa a favor da Asociación Cultural Interfolc para a organización do XXVII Festival Folclórico”. Expte. 8751/335.

MEDIOAMBIENTE

- 12.- Proxecto de actividades de sensibilización medioambiental: “Percorridos Medioambientais de Outono” dentro do programa Camiño a Camiño 2021. Expte. 15533/306.

RECURSOS HUMANOS

- 13.- Nomeamento interino, con cargo a praza vacante, de unha auxiliar de Admón. Xeral para a Área de Recursos Humanos e Formación. Expte. 38162/220.
- 14.- Nomeamento interino de un administrativo de Admón. Xeral para o “Programa de modernización e mellora na xestión” da Área e Recursos Humanos e Formación. Expte. 38060/220.

TRANSPORTES

- 15.- Proxecto de modificación da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo. Expte. 2319/449.
- 16.- Rogos e preguntas.



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 1061/1102

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ORDINARIA na Sala do Pleno de xeito presencial e por videoconferencia o día **20 de AGOSTO de 2021, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

SGF/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez